

Elaborado por AMTEGA





	CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN					
NOME DO DOCUMENTO:	Recomendacións para a correcta utilización do SiLEX para o órgano de contratación VERSIÓN: v.02.00					
COD. DO DOCUMENTO:	SILEX - Recomendacións para a correcta utilización do SiLEX para o órgano de contratación_v.02.00					
ELABORADO POR:	Oficina eConcellos DATA: 10/05/202					
VALIDADO POR:		DATA:				
APROBADO POR:		DATA:				

REXISTRO DE CAMBIOS					
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación			
01.00	Versión inicial do documento	10/05/2022			
02.00	Modifícase a información correspondente ós navegadores compatibles	23/09/2022			

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



Índice

1. Introdución	4
2. ¿Que se necesita para acceder a SiLEX?	5
2.1. Requisitos técnicos	5
3. ¿Que se necesita ter en conta para comezar a traballar en SiLEX?	6
3.1. Instalar a ferramenta de licitación SiLEX	6
 Instalar o Software para Certificados de Usuario en Tarxeta Criptográfica	6 7
3.4. Cargar os certificados en SiLEX 3.5. Verificar a validez dos certificados cargados en SiLEX	7
3.6. Verificar se o certificado se encontra vinculado a algunha licitación	9
3.7. Realizar o ciclo completo dun expediente na contorna de probas	9 9
3.7.2. Acceder como licitador á contorna de probas e presentar unha oferta	11 11
3.8. Información a incluír nos pregos	11
4. Contacto para dúbidas ou incidencias relacionadas co servizo	12
4.1. Persoal da Entidade Local 4.2. Licitadores	



1. Introdución

O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia, SiLEX, dá resposta ao disposto pola lei 9/2017 de Contratos do Sector Público para a licitación electrónica e permite levar a cabo de forma telemática as seguintes fases dun procedemento de contratación:

- A alta e publicación dunha nova licitación.
- A presentación de ofertas por parte das empresas.
- A celebración das mesas de contratación ou apertura de documentación.



O obxectivo deste documento, é coñecer antes de comezar a utilizar o sistema, que requisitos técnicos e operativos é preciso cumprir e que recomendacións de uso se deben seguir.



2. ¿Que se necesita para acceder a SiLEX?

2.1. Requisitos técnicos

- Sistema operativo: Windows 7 ou superior
- Navegador: Google Chrome, Microsoft Edge e Mozilla Firefox (últimas versións)
- Certificado dixital: Certificados electrónicos de persoa física, recoñecidos ou cualificados, expedidos polos prestadores de servizos de identificación que estean incluídos na Lista de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza, cuxa relación pódese consultar no seguinte enderezo: <u>https://www.conselleriadefacenda.gal/servizos-e-tramites/ovperceptores/certificados-electronicos-admitidos</u>

Para garantizar o funcionamento óptimo da aplicación é preciso que ditos certificados se encontren importados nas tarxetas intelixentes.

- Tarxeta intelixente, lector de tarxetas intelixentes e drivers asociados:
 - FNMT CERES
 - Tarxeta de empregado público da Xunta de Galicia (o DNI electrónico non é apto para que o utilicen no SILEX os usuarios das unidades de contratación)
 - Drivers asociados: última versión do software das tarxetas AuthentIC Webpack
 - Software para Certificados de Usuario en Tarxeta Criptográfica (<u>https://www.sede.fnmt.gob.es/gl/descargas/descarga-software</u>)
- Ferramenta de licitación SiLEX: ter instalada a ultima versión. Pode descargala na "Área de descargas" en: <u>https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/</u>
- No caso de que a modalidade da mesa sexa telemática e se realice a través de sistemas de videoconferencia, é necesario o uso de webcam, micrófono e auriculares (os auriculares evitan o "efecto eco" durante a videoconferencia).

2.2. Requisitos a nivel operativo

- A entidade debe estar adherida ao "<u>Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a</u> <u>FEGAMP para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas entidades locais da</u> <u>Comunidade Autónoma de Galicia</u>"
- A entidade debe estar dada de alta na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (CPG)



3. ¿Que se necesita ter en conta para comezar a traballar en SiLEX?

3.1. Instalar a ferramenta de licitación SiLEX

Para o correcto funcionamento da aplicación, é necesario instalar a ferramenta de licitación SiLEX dispoñible no enderezo <u>https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/</u>

🗰 Servizos co	n certificado	😮 Axuda
 Preparación e prese Preparación e prese Acceso ó contorno e Área do licitador 	entación de ofertas entación da documentación requirida de probas	■ Guía para licitar ■ Requisitos técnicos ■ Fags - Preguntas frecuentes ■ Formulario solicitude curso - SILEX
🖋 Servizos se	en certificado	C ^R Enlaces de interese
 Consulta de licitació Verificación de xust Verificación de sina 	óns ificantes tura de ofertas	 Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (SICON) Xunta Consultiva de Contratación Administrativa
🗘 Últimos avi	isos	📩 Área de descargas
05/03/2022 07:00 28/02/2022 07:30 04/02/2022 08:00 20/11/2018 12:00	NOTA IMPORTANTE - Obrigatoria a instalación da versión 2.0.0 da Ferramenta de Licitación SILEX NOTA IMPORTANTE - Publicada a versión 2.0.0 da Ferramenta de licitación SILEX INCOMPATIBILIDADE entre os navegadores Google Chrome e Microsoft Egde con SILEX Centro de Atención a Usuarios	Ferramenta de licitación SILEX
		Comprobación e

3.2. Instalar o Software para Certificados de Usuario en Tarxeta Criptográfica

Para o proceso de apertura das mesas técnica e económica, é necesario instalar Software para Certificados de Usuario en Tarxeta Criptográfica dispoñible no enderezo <u>https://www.sede.fnmt.gob.es/gl/descargas/descarga-software</u>



Descarga de Software
م continuación mostrámoslle a lista de Software de Axuda para a explotación e/ou uso da nosa Sede electrónica:
Software para Certificados de Usuario en Tarxeta Criptográfica
Para cada tipo de Certificado é necesario o uso dun software específico. Nesta sección reunimos todo o software para facilitar a sú Jescarga e uso.
nstalable Módulo Criptográfico (TC-FNMT)
A FNMT-RCM desenvolveu un Instalable que integra todos os elementos necesarios para o funcionamento dos Certificados de Usuari en Tarxeta. Os elementos que se instalan son:
 Software básico manexo da tarxeta, desbloqueo da tarxeta e cambio de PIN.
 Módulo PKCS#11, para traballar en Mozilla.
Módulo CSP, para traballar con Internet Explorer.
vOTA: Lembre que se a súa versión é anterior á 13.0.0, debe desinstalala de forma manual dende Agregar ou quitar programa Windows XP) dende Programas e características (Windows Vista / Windows 7 / Windows 8 / Windows 10).
rema na ligazón correspondente dependendo de se o seu Sistema Operativo é de 32 ou de 64 bits.
nstalable TC-FNMT para 32 bits (Versión 7.2.0 ; EXE - 29,4 MB)
nstalable TC-FNMT para 64 bits (Versión 7.2.0 ; EXE - 34,4 MB)
^y ara o seu correcto funcionamento, descargue o executable de forma local. Peche os navegadores, faga dobre clic sobre este e lanzaras o instalable do software.
D Instalable tamén realiza as seguintes tarefas:
 Instala todos os certificados das CAs raíces e intermedias.
Instala a biblioteca Capicom.
 Realiza modificacións no rexistro de Windows para configurar as opcións de seguridade do seu navegador.
se necesita axuda para a instalación, descargue o seguinte Manual de instalación do Módulo Criptográfico.
Arí marma tan é súa disparisión a Historial variáns da médula sciatagráfica CERES para Windows

3.3. Acceder ao sistema

O acceso a SiLEX realízase a través do apartado de "Usuarios Autorizados" da páxina da Consellería de Facenda (www.conselleriadefacenda.es)

XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA				
A Consellería Servizo	s e Trámites Colectivos	Áreas Temáticas	Sala de Prensa	Buscar	9
< SICON Contratación Pública	Aucasión Aucasión Aucosión Autorizadas	Usuarios Autorizados	Oficina Virtual Micharia	aria Oficina Virtu Vrtua References	al >
Cidadáns	Fmpresa e profesional	Empregados Públicos	Administr Públicas	racións 🛗 Colabora	dores
A Consellería	Áreas temáticas				
✓ O Conselleiro✓ Normativa	Contratación		A Patrim	onio	
Estrutura orgánicaTransparencia	✓ Orzamentos		Tributo	05	

3.4. Cargar os certificados en SiLEX

Para o uso de SiLEX por parte de calquera usuario da aplicación é necesario que, previamente á publicación do expediente, se cargue a clave pública do certificado dixital. Para isto, no primeiro acceso ao sistema, solicitarase a carga do certificado ou certificados que o usuario teña.



Recoméndase que, no caso de que un usuario teña máis dun certificado dispoñible, pode cargalos todos na aplicación e poderá utilizar calquera deles para o descifrado das ofertas presentadas polos licitadores a cada expediente no que participa.

CONSELLERÍA DE FACEN	A DA DECOMA.	Silex
THE R. LEWIS CO., LANSING	I HER I DE REALEMENT HER INN - CIXTEC	Versión 💷 🔳 🙂
Carga dos certificados		
Como compoñente de me onde sexa seleccionado o	sa, e necesario rexistar o seu certificado dixital na plataforma, coa finalidade de poder emp omo membro da mesa de contratación.	oregalo nos procedimentos
En ditos procede	nentos as ofertas que se presenten seran encriptadas empregando a crave pública do seu certificado dix	ital.
Nos actos de ape ofertas para a su	tura da documentación, deberá asistir co seu certificado en tarxeta criptográgfica, que empregara para l a posterior valoración.	levar a cabo o descrifrado das
 Serán válidos os agás o DNI electr 	certificados de empregado público e os de persoa física admitidos pola Consellería de Facenda (véxase a <u>li</u> ónico, debido ás limitacións técnicas do mesmo.	ista de certificados válidos)
	Diálogo de Seguridad	Sair 🕨
DE GALICIA	Seleccione un certificado	
	BODELLERIZ RALKADO HAMELL	
	Austra	

3.5. Verificar a validez dos certificados cargados en SiLEX

É recomendable, antes da publicación dun expediente, verificar a caducidade dos certificados cargados en SiLEX. No caso de que algún membro da mesa teña o seu certificado caducado e o renovase no período entre a publicación do expediente en SILEX e a celebración da mesa correspondente, é necesario que non elimine da tarxeta criptográfica o certificado antigo ata a apertura das ofertas en todos os expedientes nos que foi cargado.

A verificación desta información pode realizarse desde a opción de menú "*Perfil usuario*"-"*Información do usuario*"

Inicio	Datos us	suario			
icitación electrónica	NIF:	000			
fertas	Nome:	000			
pertura de documentación	Entidade: Órgano de	0 0 0 e contratación: 0 0 0			
dxudicación	Unidade d	le contratación: Servizo de con	tratación		
Perfil do usuario	_Datos de	os certificados	Data caducidade	Autoridade de certificación	Accións
Información do usuario	NIF		the second		
Información do usuario Selección da unidade de contratación	000	000	07/04/2025	CN=AC FNMT Usuarios,OU=Ce	
Información do usuario Selección da unidade de contratación informes	000	0 0 0 0 <u>Ca</u>	07/04/2025 rgar un novo certificado de usua	CN=AC FNMT Usuarios,OU=Ce	
Información do usuario Selección da unidade de contratación Informes Mantemento	000	000	07/04/2025 rgar un novo certificado de usua	CN=AC FNMT Usuarios,OU=Ce	



3.6. Verificar se o certificado se encontra vinculado a algunha licitación

Antes de proceder á eliminación do certificado antigo da tarxeta criptográfica unha vez renovado é necesario comprobar se dito certificado está vinculado a un membro dunha mesa de contratación pendente. Dita verificación debe pode realizarse desde a opción de menú "*Perfil usuario*"-"*Información usuario*" – "*Accións*"

Número de expediente a bus	car D Informació	n do usuario			
Inicio	Datos us	suario			
Licitación electrónica Ofertas Apertura de documenta Adxudicación Consultas/Informes Perfil do usuario Información do usuar	ción NIF: Nome: Entidade: Órgano de Unidade d Datos de NIF	0 0 0 0 0 0 e contratación: 0 0 0 e contratación: Servizo de cor os certificados Nome persoa	ntratación Data caducidade	Autoridade de certificación	Accións
Selección da unidade de contratación Informes	000	0 0 0 <u>Ca</u>	07/04/2025 argar un novo certificado de usu	CN=AC FNMT Usuarios,OU=Ce	
Mantemento					тг
Axuda XUNTA DE GALICIA	Øaberto ◆ 3Volver	Expediente	Apertura de doc. económica	ento Data 15/09/2021	

3.7. Realizar o ciclo completo dun expediente na contorna de probas

Para facilitar o uso do sistema na contorna real, é recomendable, antes da publicación do primeiro expediente dun tipo de procedemento, realizar un ciclo completo de licitación dun expediente ficticio na contorna de probas (ao acceder a esta contorna comprobará que aparece na parte superior unha franxa en cor vermella indicando que se encontra nesta contorna):

3.7.1. Creación e publicación do expediente

- No apartado de mesas de contratación electrónica, por defecto indícase que ten que asistir á celebración da mesa, como mínimo, unha das persoas rexistradas como membros da mesa.
- Recoméndase que o número de compoñentes da mesa de contratación sexa 3 veces máis que o número mínimo de certificados para a apertura de mesa.
- Para poder identificar usuarios como membros da mesa de contratación será necesario que estean dados de alta en SiLEX e que teñan cargado no sistema a clave pública do seu certificado electrónico.

Recoméndase que, para máis axilidade na apertura das mesas, os membros de mesa que vaian a participar deben estar preparados e dentro do expediente xa para identificarse en canto llo soliciten.



nicio icitación electrónica	1)	2 —	- 3	- 4 -	- 5
Nova licitación Consulta de licitacións fertas	Datos básicos	Mesa de contratación electrónica	Datos licitación	Configuración dos sobres	Publicación
ertura de documentación Ixudicación	▲ # PROBA123456 EXPEDIENTE DE Mesa de contrata	789 ** EXPEDIENTE PRUEBA * ción electrónica	DE PRUEBA ** : PRO	BA ** EXPEDIENTE D	E PRUEBA ** **
onsultas/Informes	Número membros de m	esa electrónica*:	Número mínimo certifi	cados para apertura*:	
nformes antemento xuda			Nome	Cargo Cargo C C	Certificados Ce
	Borrar *Campo obrigatorio		Limpar		Novo
			Gravar		nterior Seguinte
	© Información mai	ntida e publicada na interne	t pola Consellería de Facenda	3	iterior y beguiite

En referencia aos expedientes con lotes, existe a posibilidade de compartir o mesmo sobre administrativo con un, varios ou todos os lotes. Deste xeito no momento da apertura de documentación administrativa, non teñen que proceder a revisar dita documentación por cada lote.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	PONDO SULICIPEO DE DESENVOLVEMENTO REXONAL UNIÓN EUROPEA	Silex
0 0 0 - Concello de Toén - Se	rvizo de contratación	ڻ ا
Número de expediente a buscar 🔎		
Inicio		
Licitación electrónica		
Nova licitación	Datos Mesa de Datos Lotes	Configuración Publicación
Consulta de licitacións	básicos contratación licitación electrónica	dos sobres
Ofertas	▲ ● PROBA1112233 ** EXPEDIENTE DE PRUEBA ** : PROBA1112233 *	* EXPEDIENTE DE PRUEBA **
Apertura de documentación	Data fin prazo presentación*: 28/04/2022	
Adxudicación	Sobres do lote: 1 V	
Consultas/Informes		
Perfil do usuario	Sobre A (Administrativo)	
Informes	Documentación a compartir cos lotes	
Mantemento	Todos os lotes	
Axuda	Compartida cos lote: Non se comparte documentación	^
	Documentación 2 - Area	
	3 - Pedra	ielo Prego 🌖
	Administrativo	
	Borrar	Novo
	Sobre B (Técnico)	
	Data apertura documentación: dd/mm/aaaa 📄 💼 Hora hh:mm	



- Na data de fin de presentación de ofertas recoméndase establecer 15 horas máis de prazo que as fixadas por lei para asegurar que se poidan atender as posibles consultas dos licitadores no último día de presentación de ofertas.
- Antes de "Finalizar a preparación expediente" revise que tódolos datos son correctos. A partir deste momento a configuración dos sobres non se poderá modificar.
- Para finalizar a publicación do expediente de contratación e permitir aos licitadores presentarse ao mesmo, é importante que no último paso do proceso de creación pulsen en "<u>Publicar</u>"

3.7.2. Acceder como licitador á contorna de probas e presentar unha oferta

Para iso, está dispoñible a contorna de probas na páxina da Consellería de Facenda á que se pode acceder a través da url <u>https://www.conselleriadefacenda.es/silex</u>

XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN POBLICA	CONSTRUCTION OF STRUCTURE OF S	Silex	Galego Castelán
* Servizos con certificado		Q Axuda	
Preparación e presentación de ofertas Preparación e nosentación de documentación requirida Acceso ó contormo de probas Area do licitador		 Guía para licitar Requisitos técnicos Faga - Preguntas frecuentes Formulario solicitude curso - SILEX 	
Servizos sen certificado a Consulta de licitacións u Verificación de xustificantes u Verificación de sinatura de ofertas		 Enlaces de interese Contratación Pública da Comunidade Autónoma Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 	de Galicia (SICON) a
Últimos avisos 05/03/2022 07:00 NOTA IMPORTANTE - Obrigatoria a inst 28/02/2022 07:30 NOTA IMPORTANTE - Publicada a versir 04/02/2022 08:00 INCOMPATIBLIDADE entre os navegac 20/11/20/18 12:00 Centro de Atencino a Usuarios	alación da versión 2.0.0 da Ferramenta de Licitación SILEX in 2.0.0 da Ferramenta de licitación SILEX Jores Google Chrome e Microsoft Egde con SILEX	 Área de descargas Ferramenta de licitación SILEX 	
	Ver todos	Comprobación e preparación do equipo para licitar	
E GALICIA © Informac DE GALICIA Aviso legal	ción mantida e publicada en internet pola Consellería de Facend <i>Atención ao usuario</i>		

3.7.3. Apertura de documentación do expediente publicado e adxudicación do mesmo

Para a apertura dos sobres das **mesas administrativas** non será preciso que se identifique aos membros da mesa de contratación mediante a presentación dos seus certificados.

Para a apertura dos sobres das **mesas técnica e económica** si será necesario que estean presente coa tarxeta criptográfica na que ten cargado o certificado utilizado cando se publicou o expediente o número mínimo de persoas identificadas como membros da mesa no momento da publicación do expediente. A aplicación solicitará a súa identificación, que se realizará introducindo a súa tarxeta criptográfica no lector de tarxetas do equipo no que se estea a celebrar a mesa. Ademais terá que introducir o seu PIN para proceder ó descifrado das ofertas.

3.8. Información a incluír nos pregos

A dirección correcta a incluír tanto nos pregos como en toda a información que publiquen respecto do lugar de presentación das ofertas é exactamente: <u>www.conselleriadefacenda.es/silex</u>



4. Contacto para dúbidas ou incidencias relacionadas co servizo

4.1. Persoal da Entidade Local

- Para calquera dúbida técnica sobre a xestión da súa alta ou incidencia co servizo SiLEX, poderase poñer en contacto co CAU periférico a través do teléfono 881 995 300 ou no correo electrónico cau-periferico@xunta.gal
- Para calquera outro tipo de dúbidas non técnicas sobre este servizo poderá contactar coa Oficina eConcellos a través do teléfono 981 957 595 ou do correo electrónico: oficina.econcellos@xunta.gal
- Para dúbidas referidas aos procedementos de contratación poderá contactar coa Xunta Consultiva de Contratación Administrativa na conta de correo <u>XCCAGalicia@conselleriadefacenda.es</u> e nos teléfonos 981 544 947 e 881 999 350.

4.2. Licitadores

Poderán formular as súas dúbidas sobre aspectos técnicos relacionados coa presentación a través do <u>formulario de eServizos</u>. Os aspectos relacionados co contido das ofertas ou dúbidas sobre os pregos deben ser trasladados á unidade de contratación da entidade local.